

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 9 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TU503D).

BDNS (Identif.): 610131.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os requisitos establecidos nestas bases, os concellos de Galicia de ata 10.000 habitantes, segundo as cifras de poboación acordes co establecido no Real decreto 1147/2020, do 15 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

Segundo. Obxecto e réxime

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 9 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TU503D).

CVE-DOG: as22amc9-j156-5712-f9l8-cu25xiehjap1



Cuarto. *Importe*

As subvencións obxecto desta resolución imputaranse á aplicación orzamentaria 05 A2 761A 760.1, proxecto 2015 00006, por un crédito de 1.000.000 €, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, de conformidade co disposto no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o que poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes que poderán implicar as subvencións oportunas.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Sexto. *Prazo de xustificación de la subvención*

A entrega da documentación xustificativa terá de prazo ata o 31 de outubro de 2022.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: as22amc9-j156-5712-f9l8-cu25xiehjap1

